


encontro

# RURAL imaxinado

do presente ao futuro porvir



O periodo post cuota, as mudanzas na distribución alimentaria mundial, a perda de servizos no rural ou o perda poboacional albiscan un futuro gris para o rural. Mais fronte a esta situación nos últimos tempos están abrollando unha mancha de proxectos innovadores e novos relatos que están relendo o pasado, presente e o futuro no rural. Co Encontro Rural Imaxinado. Do presente a un futuro porvir procuramos tecer ese espazo de discusión crítica que nos permita pensar que alternativas se están dando ou poden dar no medio rural, para que este siga sendo ese lugar cheo de vida. A cuestión á que se pretende apelar son: Que estamos facendo dende o medio rural para responder aos retos que nos enfrentamos no s. XXI?, e como podemos imaxinarnos o futuro que esta por vir?

A **rede ReVOLTA** de investigación en Agroecoloxía e Historia composta por varios grupos de investigación das universidades galegas abre este encontro á participación de fazedores de experiencias innovadoras (culturais, sociais, económicas,...), investigadoras/es, activistas ou pensadores/as e interesadas/os en xeral. Este Encontro quere ser un espazo aberto alén da comunidade universitaria, así como converterse nun novo lugar híbrido entre a universidade e a sociedade.

Se desexas acudir é preciso inscribirse no email [redes.revolta@usc](mailto:redes.revolta@usc) antes do 12 de Novembro.

**Lugar:** Sala de prensa do Concello de Lalín. Praza de Galicia s/n

**Día:** Venres 13 de novembro



Universidade de Vigo

Colabora:



## PROGRAMA

10:00-10:15 **Inauguración**

### **Mesa Innovación/Resilencias**

10:15 – 10:30 A IXP Castaña de Galicia. Estado actual e novos retos \_ Manuel López Pérez [IXP Castaña de Galicia]

10:30 – 10:45 A volta ao campo dende unha mirada socio ecolóxica \_ Elisa Oteros Rozas [UAM]

10:45 – 11:00 Innovación no rural desde a iniciativa privada: A Fundación Juana de Vega \_ Jose Manuel Andrade [Fundación Juana de Vega]

11:00 – 11:15 O ultramarinos que leva ao extremos o poder do alimento \_ Ultra \_alimento

10:15 – 11:40 Debate

11:40 – 12:00 Café

### **Mesa Comunidades**

12:00 – 12:15 A Universidade Rural de Barreiros \_ Colectivo Cultural Ollomao

12:15 – 12:30 A microeconomía da paisaxe e do territorio. O empoderamento das comunidades locais para decidir sobre o seu territorio \_ Asociación autonómica e ambiental Petón do Lobo.

12:30 – 12:45 Proxecto cultural para cultivar e transmitir o Patrimonio & as paisaxes das comunidades rurais \_ Ana María Enriquez [ Arquivolta Rural]

12:45 – 13:00 Prevención de lumes forestais a través da intervención social \_ Miguel Pardellas [Proxecto Batefogo]

13:00 – 13:40 Debate

XANTAR

### **Mesa Subxectividades**

16:00 – 16:15 Asociación Maisdetres: Necesidades persoais e crenzas colectivas nun rural imaxinado actual \_ Asociación Maisdetres

16:15 – 16:30 Tecendo coeducación rural pra erradicar as Violencias Basadas no Xénero (VBX): despatriarcalizando aldeas e parroquias dende unha óptica decrecentista e comunitaria \_ Ángel Amaro Quintas

16:30 – 16:45 O Rural Imaxinado...como podemos imaxinar un futuro que está por vir? \_ Marlene Anaya

16:45 – 17:00 No camiño doutra política educativa \_ Alicia López Pardo

17:00 – 17:40 Debate

### **Mesa Outras Economías**

17:40 – 17:55 Traballando en rede: economía social e solidaria desde a pintura \_ Cestola na Cachola

17:55 – 18:10 Os circuitos curtos de comercio de alimentos na Galiza atual: A difícil construción de alternativas ao sistema agroalimentario convencional \_ Raul Rios Rodríguez

18:10 – 18:25 Ver medrar a natureza \_ Manuel Cebral Loureda [Alg-a Laboratorio]

18:25 – 18:40 Creación e xestión dun centro de recursos, aprendizaxe e investigación no medio rural. Unha perspectiva dende a xerra do Xistral \_ Marcos Besada Álvarez [Espazo Agroecolóxico A Estruga]

18:40 – 19:20 Debate

19:20 – 19:30 Clausura